



1. CONDICIÓN XERAIS

1.1.-O presente documento constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións para a execución do servizo para a explotación e xestión da cafetería do centro segundo se detalla no apartado 1 da Folla de Especificacións Técnicas, que rexerá a súa execución, logo de prestarlle a súa aprobación e conformidade ámbalas dúas partes contratantes.

1.2. En todo o non previsto no presente documento estarase ao disposto no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), no Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP, o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións públicas (RXLCP) en todo o que non contradiga ao TRLCSP, e na demais normativa de aplicación, en canto non se opoña á aquela lei.

1.3. O contratista acepta de forma expresa a submisión á lexislación, ao contido do presente documento contractual e á xurisdición contencioso-administrativa respecto das cuestións litixiosas que puidesen derivarse da execución do contrato que ten natureza administrativa.

1.4. En atención ao canon establecido e a duración pactada, a tramitación do expediente de contratación para a súa adxudicación rexeráse polo disposto no artigo 111 do TRLCSP en conexión co artigo 138.3 do mesmo texto legal.

1.5. En ningún caso, a xestión e a explotación do servizo contratado suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración e o contratista, de xeito que a extinción do contrato non xerará en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da Xunta de Galicia.

1.6. Se fose o caso, de existir persoal para a execución do contrato, dependerá exclusivamente, do adxudicatario/a que terá fronte a aquel todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a Administración contratante de todo aldea á referida relación. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario/a e os seus empregados, aínda no suposto que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

1.7. O/a adxudicatario/a está obrigado/a ao seguimento das normas sobre confidencialidade dos datos de carácter persoal, responsabilizándose de que o tratamento destes no marco da prestación do servizo de xestión se realice de conformidade coas instrucións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o



Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, sendo, así mesmo, de aplicación a Disposición adicional vixésima sexta do TRLCSP. En caso de incumprimento do estipulado, o adxudicatario será responsable das infraccións que se deriven diso.

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato consistirá na xestión e a explotación do servizo de cafetería no espazo habilitado para tales efectos no edificio do centro descrito no apartado 1) da Folla de Especificacións Técnicas, de acordo coas condicións que se definen no presente documento.

3. DURACIÓN DO CONTRATO

3.1. A duración do contrato coincidirá co período de actividade académica durante o curso escolar 2017-2018, unha vez que o adxudicatario/a do servizo preste a súa conformidade ao presente documento, sen prexuízo da súa resolución anticipada por mutuo acordo das partes contratantes.

3.2. O presente contrato non pode ser obxecto de prórroga, en aplicación do disposto no artigo 23.3 do TRLCSP.

4. ESTABLECIMENTO DO CANON E FORMA DE PAGAMENTO

4.1 O sistema para a determinación do canon utilizado consiste nun tanto alzado, de conformidade co disposto no artigo 302 do TRLCSP.

4.2. O importe do canon pola explotación e xestión do servizo da cafetería durante o curso escolar 2017-2018 será de segundo se detalla no apartado 2) da Folla de Especificacións Técnicas e aboarase entre o 1 e o 28 de febreiro de 2018 mediante o seu ingreso na seguinte conta IBAN ES82 2080 0300 8731 1006 3172, BIC: CAGLESMMXXX, da que é titular a Dirección Xeral do Tesouro, da Consellería de Facenda, con indicación do seguinte concepto "Canon relativo ao contrato de explotación e xestión do servizo da cafetería do centro descrito no apartado 1) da Folla de Especificacións Técnicas" (curso escolar 2016-2017) remitindo á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o xustificante da realización efectiva do ingreso.

O antedito importe poderá prorrarse proporcionalmente ao tempo de duración efectiva do contrato, para o caso que fora resolto de mutuo acordo polas partes asinantes con anterioridade ao remate do prazo pactado.



5. DELIMITACIÓN E SITUACIÓN DO ESPAZO DESTINADO A CAFETERÍA.

5.1. O servizo prestarase no local habilitado para tales efectos nas dependencias do centro que ten unha superficie útil aproximada, e dispón dun almacén cunha superficie útil estimada, segundo se detalla no apartado 3) da Folla de Especificacións Técnicas.

5.2. Con carácter previo ao inicio da execución do contrato, no acto no que o /a adxudicatario/a preste a súa conformidade as condicións para a súa ejecución, mediante a súa sinatura, deberá, así mesmo, declarar que coñece o estado de situación do local no que se prestará o servizo, manifestando estar conforme co contido do inventario que lle presentará a dirección do centro e no que se describirán as instalacións, equipamento fixo ou móbil, e/ou maquinaria da que, no seu caso, dispoña o local, segundo se detalla no anexo IV.

5.3. Para tales efectos, no acto de conformidade ás condicións contractuais poderá comprobar "in situ" o local destinado na actualidade a tal fin, non sendo admitida logo da adxudicación, reclamación ningunha respecto de erros de medición, ou calquera outra deficiencia observada.

5.4. O/a adxudicatario/a achegará a vaixela, cristalería, enxoaval de cociña, mantelearía, así como o resto do equipamento do que non dispoña o local e sexa necesario para prestar o servizo de xestión e explotación da cafetería (máquina cafeteira, lavalouza, microondas...; e/ou calquera outro axeitado para a adecuada execución do servizo).

6. ÓRGANO CONTRATACIÓN, PROCEDIMENTO, E REQUISITOS DO/A ADXUDICATARIO/A.

6.1. O órgano de contratación competente para celebrar os contratos a que se refiren as presentes condicións é o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e P.D. (Orde 25/01/2012) o Secretario Xeral Técnico da Consellería. Por Acordo do 26/05/2015 o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria avoca para si a contratación do servizo de xestión e explotación das cafeterías dos centros docentes non universitarios, de conformidade co previsto no artigo 7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e procede a encargar aos directores/as dos centros docentes públicos non universitarios descritos no apartado 1) da Folla de Especificacións Técnicas, a realización das actividades relacionadas coa licitación dos contratos e a delegarles a sinatura dos mesmos, ao amparo do previsto no artigo 11 da citada Lei 16/2010.

6.2.1 Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público a información relativa a presente licitación, será necesario por parte da dirección do Centro Educativo proceder a publicar toda a información relativa ao presente contrato mediante un anuncio no taboleiro do Centro, ou ben a través doutros medios que as Direccións consideren adecuados (páxina web centro, páxina web concello, prensa...), a fin de que as empresas poidan manifestar o seu interese en participar na licitación da cafetería. A publicación do anuncio manterase como mínimo durante un prazo de cinco días hábiles (descontado os sábados e festivos)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San
Caetano
15781]
Santiago de Compostela

galicia

6.2.2. A Dirección do Centro Educativo invitará a presentar oferta a todas as empresas que manifestaran o seu interese no anuncio publicado, e no caso de que non haxa un mínimo de tres empresas interesadas, buscará por medios propios ao menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que sexa posible, a fin de solicitarles a correspondente oferta.

6.2.3 Todas as invitacións ás empresas serán realizadas por escrito segundo o anexo V que se achega (modelo invitación), o mesmo día, e mediante carta certificada con acuse de recibo, indicándolle que disporán de cinco días hábiles (descontando sábados e festivos) para formular a súa oferta ante a Dirección do Centro Educativo. O prazo de cinco días finalizará ás 14,00 horas do último día e contaráse a partir do día seguinte a aquel, da recepción pola empresa da correspondente invitación, data que figurará no acuse de recibo. A Dirección do Centro Educativo rexistrará a través dun rexistro de entrada as ofertas presentadas polos licitadores invitados e excluirá da licitación as ofertas que non estean presentadas en prazo.

6.3. Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coa Administración, sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán a documentación administrativa e técnica necesaria a efectos de poder valorar a súa oferta segundo se detalla:

6.3.1. Se a empresa fose persoa xurídica española: copia autentica ou compulsada do CIF, escritura ou documento de constitución, e no seu caso documentos que acrediten a súa representación.

6.3.2. Os empresarios individuais comunicarán o DNI ou do documento que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente, da persoa titular ou propietaria da empresa segundo se establece no anexo I, e no seu caso documentos que acrediten a representación.

6.3.3. Declaración responsable segundo modelo que se achega como anexo I, subscrita polo representante legal da empresa na proposición na que fará constar:

- Declaración de non estar incuso na prohibición de contratar do art. 60 TRLCSP.
- Estar dado de alta e ao corrente no Imposto de actividades económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato.
- Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal.
- Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Autonómica Galega.
- Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

- En aplicación do artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de Modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, acredítase que todo o persoal contratado ou, de ser o caso, subcontratado, con contacto habitual con menores, dispón de certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

6.3.4. Proposición oferta económica, ou canon anual. Deberá axustarse ao modelo oficial que figura como anexo II

6.3.5. Memoria coa proposta de metodoloxía ou plan de negocio. Aportarase memoria detallada dos traballos a realizar que deberá conter:

- Contexto da actuación do servizo de hostalería e a lista de consumicións mínima que o Centro Educativo establece como anexo III.

- Metodoloxía de traballo no movemento, adquisición e conservación de produtos de alimentación perecedoiros, describindoa con detalle.

- Capacidade de resposta a situacións de carácter convxuntural de exceso de persoal que accede a cafetería como consecuencia de eventos, como cursos, xornadas, seminarios, festivais, ...etc.

6.3.6. Persoa ou equipo de traballo asignado a realización do contrato. Incluirase relación do persoal que vai participar na execución do contrato, datos da persoa responsable da execución, curriculum vitae profesional das persoas propostas, facendo fincapé na súa traxectoria profesional en traballos similares

6.3.7. Melloras propostas. Aportarase relación das melloras ofrecidas no servizo sen custo, que aporten vantaxes ao esixible nas condicións de realización do servizo, como celebracións de festas conmemorativas, tardes musicais, patrocinio e organización de torneos de mesa,...etc.

6.3.8 Lista de prezos de artigos de consumo da cafetería (como mínimo dos detallados no anexo III) que recollan ou melloren os máximos previstos no citado anexo.

6.3.9 Elaboración preferente de produtos na propia cafetería como bocadillos, sandwiches, pratos combinados, con utilización de materias primas naturais, aproveitando produtos de tempada, produtos frescos como, pan, leituga, tomate, embutidos, ovos, froitas, etc., en vez da adquisición de produtos industriais e chuches.

7.- CRITERIOS VALORACIÓN OFERTAS E ADXUDICACIÓN CONTRATO

7.1 Criterios Valoración. O órgano de contratación valorará as ofertas mediante mediante a



aplicación dos criterios obxectivos que a continuación se detallan:

1) Proposición oferta económica, ou canon anual. Deberá axustarse ao modelo oficial que figura como anexo II . A puntuación das ofertas será lineal entre todas as ofertas, sendo 0 puntos para a oferta igual ao canon de licitación mínimo previsto no apartado 4.2 e 40 puntos para a oferta que presente o maior canon anual. Para cada unha das ofertas intermedias a puntuación será directamente proporcional á oferta presentada. Alta da oferta a valorar Puntuación oferta: 40x _____ Alta maior aceptada	40 puntos
2) Memoria coa proposta de metodoloxía ou plan de negocio.	10 puntos
3) Persoa ou equipo de traballo asignado a realización do contrato.	15 puntos
4) Melloras propostas. Servizos adicionais. Aportarase relación das melloras ofrecidas no servizo sen custo, que aporten vantaxes ao esixible nas condicións de realización do servizo, como celebracións de festas conmemorativas, tardes musicais, patrocinio e organización de torneos de mesa,...etc.	10 puntos
5) Lista de prezos de artigos de consumo da cafetería (como mínimo dos detallados no anexo III) que recollan ou melloren os máximos previstos no citado anexo.	10 puntos
6) Elaboración preferente de produtos na propia cafetería como bocadillos, sandwiches, pratos combinados con utilización de materias primas naturais, aproveitando produtos de tempada, produtos frescos como, pan, leituga, tomate, embutidos, ovos, froitas, etc.	15 puntos

7.2 Adxudicación contrato. Recibida a documentación dos licitadores a dirección do centro educativo realizará un informe no que valorará as ofertas presentadas en base aos criterios sinalados no apartado anterior de xeito que clasificará as proposición presentadas por orden decrecente, e requirirá ao licitador que teña presentada a oferta clasificada en primeiro lugar a seguinte **documentación xustificativa orixinal ou copia compulsada**:

7.2.1. A certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredeite que se atopa ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

7.2.2. A certificación positiva expedida pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de non ter contraída débeda ningunha coa facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.



7.2.3. A certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, ao amparo dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias.

7.2.4. O orixinal ou a copia compulsada da alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto deste contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

7.2.5. O adxudicatario deberá presentar, de non telo feito antes, xustificación de ter constituída una póliza de seguro de responsabilidade civil segundo se dispón no apartado 9.11, para a cobertura de posibles danos a terceiros por un capital non inferior a 20.000,00 €

8. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

8.1. HORARIO

8.1.1 O contratista estará obrigado/a a manter aberto o servizo de cafetería segundo se detalla no apartado 4) da Folla de Especificacións Técnicas.

8.1.2. Para o caso de ser necesario, a Dirección do centro, de acordo co adxudicatario, poderán revisar o devandito horario axustándoo ás necesidades da comunidade escolar.

8.1.3. En circunstancias excepcionais, previa comunicación por parte da dirección do centro, cando se celebren actos ou actividades institucionais fóra do horario de apertura, poderáselle requirir ao adxudicatario para que manteña aberta a cafetería no horario que se lle indique, non sendo posible organizar por iniciativa unilateral do adxudicatario festas, celebracións ou calquera outro evento sen a autorización expresa da dirección do centro educativo en representación do órgano de contratación.

9. CONDICIÓNNS DO SERVIZO

9.1. O/a adxudicatario/a executará o servizo ao seu propio risco e ventura e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria designará como responsable en representación do órgano de contratación á persoa que exerza a dirección do centro, a quen lle corresponderá o seguimento do grao de cumprimento das cláusulas deste documento por parte do contratista, así como realizará verificacións sobre as cifras de ventas. Para tales efectos, o centro educativo a través da Dirección do centro resérvase o dereito de inspección permanente sobre o cumprimento das condicións contractuais, ademais o contratista asume o deber de prestarlle canta información ou documentación lle fora solicitada.

9.2. O contratista nomeará, así mesmo, un representante que actuará como interlocutor válido coa Administración educativa, con capacidade suficiente para resolver os problemas derivados do



funcionamento diario da cafetería e que deberá estar presente durante o horario de apertura.

9.3. Na execución do contrato o contratista prestará o servizo coa continuidade establecida e garantirá aos usuarios o dereito a utilizalo nas condicións que se tiveran pactado mediante o abono dos prezos das listas de prezos ofertados.

9.4. En todo momento o contratista e se fóra o caso, o persoal afecto a este, comprométense expresamente a observar cos usuarios do servizo as normas de corrección, orde e bo exemplo que corresponde a un centro educativo, dentro dun trato cordial e de respecto mutuo.

9.5. O contratista está obrigado a manter en bo estado o local destinado á cafetería, no seu caso ás instalacións e maquinaria entregadas para a execución do contrato, sendo da súa conta os gastos de reparacións ou reposicións precisas. Igualmente o contratista queda abrigado a efectuar a súa conta as revisións de mantemento dos aparellos e instalacións.

9.6. Debido a que o local da cafetería está situado nun edificio con instalacións comúns, o contratista deberá asumir participar nos gastos de consumo correspondentes ao consumo de auga, calefacción, gas (no caso de que teña tomas de gas convuntamente co centro), e electricidade do centro educativo.

De contar o centro cunha instalación independente o adxudicatario pagará en función da factura emitida pola empresa subministradora do servizo. De contar cun “contador interno de pasos” o adxudicatario pagará proporcionalmente aos pasos reflectidos na factura.

Se non se dan as anteriores circunstancias (en todos ou en algún dos subministros), o adxudicatario pagará proporcionalmente en función aos metros cadrados útiles que ocupe segundo se detalla no apartado 3 da folla de especificacións técnicas, e no caso dos gastos en auga, o cálculo será en proporción aos metros cadrados que ocupe a cafetería en relación a totalidade dos metros cadrados da parcela que ocupe o centro (incluídas zonas de xardín).

Para tales efectos, a dirección do centro notificará ao contratista os gastos correspondentes co fin de que o adxudicatario proceda ao ingreso nos dez días seguintes á notificación na conta do centro educativo que para tales efectos lle facilite a Dirección.

9.7. Para a realización de calquera tipo de obra nas instalacións existentes, que non poderán afectar a estrutura ou seguridade do edificio, nin alterar a súa configuración con carácter fixo, o contratista deberá contar coa autorización previa da Unidade Técnica da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, requiriéndolle, no seu caso, o proxecto, permiso ou licenza correspondente. Para o caso de ser autorizada, quedará a beneficio do centro educativo á finalización do contrato, podendo retirar, se fose o caso, o mobiliario, mercancía ou enxoaval por el achegado ou adquirido.

9.8. Prohibese a venda e consumo de bebidas alcohólicas e de tabaco no local habilitado como cafetería.



9.9. Non se poderá instalar no local máquinas comechartos, prohibíndose en xeral os xogos de envite, azar ou electrónicos.

9.10. O servizo de cafeteria únicamente poderá ser utilizado polo persoal docente ou non docente vinculado ao centro, así como o alumnado e/ou pais/nais/titores do alumnado (membros da comunidade educativa) sen que en modo ningún se poida destinar ou considerar a cafeteria como aberta ao público en xeral.

9.11. O contratista deberá formalizar un seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 20.000,00 € que cubra os riscos de calquera tipo de danos e prexuízos causados durante o exercicio da actividade que desenvolva no local cedido, tanto a terceiros como a bens ou instalacións.

9.12. Será responsabilidade do contratista o cumprimento das obrigas fiscais, tributarias e de índole social e laboral que do seu exercicio profesional e da súa condición de empresario, se fóra o caso, se deriven.

10 LIMPEZA E HIXIENE

10.1. A limpeza do local, instalacións e mobles de calquera tipo, cristais e outros correrá a cargo do contratista, que deberá mantelos en todo momento en perfectas condicións de hixiene e limpeza; por norma xeral, esta deberá realizarse fóra do horario de funcionamento fixado e, puntualmente, sempre que sexa necesario. Será igualmente responsabilidade do contratista manter a orde e disciplina entre as persoas asistentes á cafeteria, fomentando o respecto mutuo.

10.2. O contratista do servizo cumplirá en todo momento a normativa vixente en materia de xestión de residuos. Os cubos e os colectores de lixo estarán perfectamente limpos e situados na zona indicada pola Dirección do centro educativo. Os labores de recollida realizaranse diariamente.

10.3. Será de aplicación o Real Decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas.

10.4. En cumprimento do disposto na Lei 28/2005, do 26 de decembro, queda prohibido fumar en todas as dependencias e locais destinados ao servizo de cafeteria, debendo facer constar a prohibición mediante carteis informativos situados en lugares visibles.

11. IMPRESOS

11.1. Calquera modelo de impresos que se utilice para a prestación do servizo (lista de prezos ou outros) deberá ser aprobado previamente pola dirección do centro educativo, que dará conta á



Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e estará redactado en galego e castelán.

11.2. O contratista porá a disposición dos usuarios follas de reclamación en galego e en castelán. Calquera reclamación deberá ser comunicada á dirección do centro, que informará, no seu caso, do seu contido á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

12. PERSONAL

12.1. En ningún caso existirá vinculación laboral entre o contratista e a Administración educativa contratante, nin tampouco entre o persoal e a Administración.

12.2. Se fose o caso, os cambios de persoal poranse en coñecemento da dirección do centro educativo que dará conta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e o contratista deberá ter en conta a necesidade de cumplir a normativa vixente en materia de sucesión de empresas.

O artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de Modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia dispón o seguinte:

"Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais"

Ao obxecto de garantir o cumprimento das citadas normas, deberá ter en conta o exposto. A tal efecto os licitadores deberán achegar unha declaración responsable, debidamente asinada polo representante legal da empresa en que se acredite que todo o persoal contratado ou, de ser o caso, subcontratado, con contacto habitual con menores, dispón de certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.



13. LISTA DE PREZOS E CALIDADE DOS PRODUTOS

13.1. Existirán dúas listas de prezos, unha cos artigos básicos fixados pola Administración contratante, que serán os que se especifican no anexo III deste documento como artigos de subministración obligatoria e que serán ofertados por un prezo máximo, incluído o IVE, nunca superior ao fixado neste documento e outra cos artigos libres que o/a adxudicatario/a considere oportuno engadir, que deberán ofertarse por un prezo nunca superior aos prezos do mercado en establecementos de similares características.

En calquera caso, ademais dos produtos de obrigada subministración e os artigos libres que o/a adxudicatario/a considere adecuado ofertar, será preceptivo, ter a disposición dos usuarios do servizo de cafetería polo menos tres variedades de produtos sen glute, específicos para celíacos/as.

13.2. A lista de prezos dos produtos de obrigada subministración e, de igual xeito, os produtos libres que serán ofertados na cafetería deberán confeccionarse en formato táboa ou de folla de cálculo.

13.3. O contratista terá á vista do público en lugar visible, de forma perfectamente lexible, en idioma galego e castelán, a lista de prezos de produtos de carácter básico e de obrigada subministración, como mínimo, en tres lugares diferentes do local destinado á cafetería, segundo o modelo, autorizado pola dirección do centro educativo, que dará conta a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Nas mesmas condicións deberá estar exposta a lista de prezos dos produtos que non teñan o carácter de básicos e que polo tanto, sexan de prezo libre. Queda prohibido facer fotocopias reducidas destas listas.

13.4. Todos os produtos postos á venda para o consumo dos usuarios, xa sexan os obligatorios como os ofertados libremente, serán de boa calidade e axeitados á alimentación propia das idades do alumnado.

A vista do documento que contén as condicións que han de rexer a execución do presente servizo para a explotación e xestión da cafetería do centro segundo se detalla no apartado 1 da Folla de Especificacións Técnicas e Administrativas o, e os seus ANEXOS, en uso das atribucións conferidas en materia contractual polo TRLCSP, ao abeiro do disposto no Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e no Acordo do 30 de maio polo que o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria avoca para si a competencia da contratación do servizo de xestión e explotación das cafeterías en centros docentes non universitarios e procede a encargar aos directores/as dos centros docentes públicos non universitarios descritos no apartado 1) da folla de Especificacións Técnicas, a realización das actividades relacionadas coa licitación dos contratos e a delegarlle a sinatura dos mesmos, facendo uso das prerrogativas das que dispoño,

Resolvo: Aprobar o presente documento de condicións e os seus ANEXOS I, II, III e IV ao que se somete na súa integridade o/a contratista adxudicatario/a, que manifesta libremente a súa vontade



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San
Caetano
15781]
Santiago de Compostela

galicia

de cumplir todas as cláusulas do presente documento, que pola súa natureza ten carácter de contrato administrativo.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes de mutuo acordo, ratifican coa súa sinatura, a celebración do contrato de acordo coas cláusulas establecidas neste documento para a súa execución.

Dunha parte:

O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Por delegación de sinatura (Acordo do
26/05/2015)
O Director/a

Doutra:

O/a contratista ou a persoa que o/a
representa, que manifesta a súa
conformidade.

Asdo.----- Asdo.-----